

A CASA DAS MULLERES é un servizo adscrito á Concellería de Igualdade, aberta ás iniciativas e intereses das mulleres da cidade e das asociacións e colectivos que as representan. Neste espazo realízanse xuntanzas, exposicións e relatorios, impártense cursos e outras actividades que promovan a igualdade, unhas veces organizadas pola propia Concellería de Igualdade e outras por mulleres, ben a título individual ou a través das súas organizacións.

Algúns servizos que se ofrecen son: sede do asociacionismo feminino local, asesoramento e información actualizada de subvencións a colectivos de mulleres, orientación para a creación e constitución de asociacións de mulleres, cesión de espazos ás asociacións de mulleres, fomento da participación sociocultural das mulleres, acceso grauíto a internet, etc.

Horario: de luns a venres de 17:30 a 21:30 horas

### CASA DAS MULLERES

R/ Romil, 20

36202 Vigo

Telf. 986 442 194 - Fax 986 442 195

[casadasmulleres@vigo.org](mailto:casadasmulleres@vigo.org)

Concellería de Igualdade  
Praza do Rei, 1 planta 1ª  
36202 - Vigo  
Teléfono 986 810 284  
Fax 986 430 082  
[ofi.muller@vigo.org](mailto:ofi.muller@vigo.org)



[www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)

CONCELLO  
DE VIGO



# Casa das mulleres



## Programa de actividades febreiro - xullo 2012

Estas actividades, enmárcanse nas actuacións do  
IV Plan Integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes  
do Concello de Vigo 2009-2012

## II CICLO "MULLER E CIENCIA"

Continuamos co ciclo "Muller e Ciencia" comenzado o ano pasado. Nesta ocasión adicámolo ás mulleres matemáticas.

O obxectivo é difundir e visibilizar as achegas das mulleres científicas á nosa sociedade.

### EXPOSICIÓN "A Muller, unha innovadora na Ciencia"

A mostra consta de 21 paneis coa vida e obra de mulleres de distintas épocas que desenvolveron o seu traballo principalmente no campo das matemáticas.

Con ela quérese demostrar que non é verdade que non existisen mulleres adicadas á ciencia senón que ficaron ocultas. Por iso, preténdese reescribir a historia cun ollar novo para rescatalas do esquecemento e destacar a importante contribución feminina no ámbito científico-tecnolóxico.

Colabora: Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

Do 1 ao 29 de febreiro

### RELATORIO "Mulleres matemáticas"

Intervén: D<sup>a</sup> Amelia Verdejo Rodríguez (Universidade de Vigo)


Martes, 14 de febreiro ás 20:00 horas

### VÍDEO-FORUM "La verdad oculta"

Dinamizado por D<sup>a</sup> Carmen Quinteiro

Santodomingo (Universidade de Vigo)

Xoves, 16 de febreiro ás 19:00 horas



## VALOR DO TRABALLO DOMÉSTICO


### RELATORIO "Real decreto 1620/2011: información básica e necesaria para as empregadas do fogar" E PROXECCIÓN DA CURTAMETRAXE "Esquecidas"

Intervenien: D<sup>a</sup> Teresa Rodríguez e D<sup>a</sup> Mercedes Andrade, integrantes da asociación "Xiara" (Plataforma pola dignificación do emprego do fogar).

Charla informativa para coñecer os novos cambios legislativos, os dereitos que entran en vigor e aclarar dúbidas.

Tamén visualizarase a curtametraxe realizada pola propia asociación co obxecto de dignificar a profesión das empregadas domésticas.

Venres, 13 de abril ás 20:00 horas



## III CICLO "MULLER E SAÚDE INTEGRAL"

Nesta III edición do Ciclo "Muller e Saúde Integral" contaremos cunha novidade: compaxinaremos sesións de relatorios de saúde integral con sesións demostrativas e con exemplos prácticos que poidamos realizar decote e que melloren a nosa calidade de vida.

ABRIL	Xoves, 12 de abril ás 19:00 horas	A saúde feminina a partir dos 40.
	Xoves, 19 de abril ás 19:00 horas	PRACTIQUEMOS risoterapia. Efectos beneficiosos.
	Xoves, 26 de abril ás 19:00 horas	PRACTIQUEMOS pilates. Efectos beneficiosos.
MAIO	Xoves, 3 de maio ás 19:00 horas	A depresión feminina.
	Xoves, 31 de maio ás 19:00 horas	EXERCITEMOS a nosa autoestima.
XUÑO	Xoves, 14 de xuño ás 19:00 horas	Prevención do cancro de pel.
	Xoves, 21 de xuño ás 19:00 horas	CASOS PRÁCTICOS: primeiros auxilios no verán.

A participación en todas as actividades deste ciclo será gratuíta e non require inscrición previa.

## OUTROS SERVIZOS DISPONIBLES NA CASA DAS MULLERES

### ❖ "Sen medo a internet" Os luns de 17:45 a 18:45 horas

O obxectivo deste espazo é achegarlles as novas tecnoloxías ás mulleres que descoñecen este mundo e non saben manexarse cun ordenador.  
¡Achegate e axudarémosche a "navegar" pola rede!

### ❖ Sala de exposicións aberta de luns a venres de 17:30 a 21:30 horas

"Maquila Boutique" da ONGD Implicadas no Desenvolvemento. Do 1 ao 27 de marzo.

"Alegría a través de la pintura" de Nieves Saco Álvarez. Do 29 de marzo ao 13 de abril

Exposición colectiva de pintura. Do 16 ao 30 de abril

Exposición fotográfica "A miña xente" da Asociación "Madres Latinas". Do 2 ao 30 de maio

Exposición "Naturezas vivas" de Mila Estévez e Maribel Mourino. Do 1 ao 15 xuño

Exposición de pintura "Experiencia autodidacta" de Rosa Pitart. Do 18 ao 29 xuño

"X Aniversario da Asociación Madres Latinas". Do 2 ao 27 de xullo